

DOCUMENTO INFORMATIVO PARA AS PERSOAS COORDINADORAS E-DIXGAL NOS CENTROS EDUCATIVOS



Información para as familias

REUNIÓN DE COMEZO DE CURSO SOBRE O PROXECTO E-DIXGAL



No portal [EspazoAbalar](#) pódese atopar a información básica sobre o **proxecto E-Dixgal**.

Neste mesmo portal e dentro do espazo adicado á [información para as familias](#), tamén poden atopar folletos informativos en formato PDF que poden descargar sobre o propio proxecto e sobre o seguro que poden contratar para os equipos do alumnado.

Reunións informativas para as familias

Para o correcto desenvolvemento do proxecto E-Dixgal no centro educativo, resulta fundamental que as familias estean debidamente informadas de todos os aspectos do proxecto que lles afectan.

É moi importante que ao principio de cada curso escolar e sempre que se considere necesario, o centro educativo convoque **reunións informativas** nas que se explique o funcionamento do proxecto ás familias do novo alumnado que se incorpora aos niveis E-Dixgal.

Como aspectos a destacar, os centros poderán comentar a responsabilidade das familias sobre o equipamento que manexan os/as seus/súas fillos/as e a posibilidade de contratar un seguro.

Recepción de equipamento no centro

ENVÍO PROGRAMADO DO EQUIPAMENTO EDIXGAL AO CENTRO EDUCATIVO

Ao principio de cada curso, o centro recibirá os equipos que precise para poder dotar dun portátil a cada alumno/a dos niveis E-Dixgal.

O envío de equipamento faise de xeito automático e programado durante o mes de setembro segundo a matrícula rexistrada na aplicación XADE e non é necesario facer petición algunha.

Isto implica a necesidade de que os centros teñan preparados os datos do alumnado nesta aplicación XADE, o antes posible.

A partir do mes de outubro xa non se realizan envíos programados, polo que no caso de aumento de matrícula os centros deberán contactar co servizo Premium.



A persona **coordinadora E-Dixgal** verá rexistrado o novo equipamento na [aplicación de xestión](#), e seguirá as indicacións do manual dispoñible no menú superior da aplicación para poder crear a documentación de cesión do equipamento ás familias.

O equipo cedido ao alumnado do proxecto, é para uso persoal e educativo, é dicir, o alumnado empregará o equipo para seguir o proceso de ensino aprendizaxe e para realizar as tarefas educativas indicadas polo profesorado, ou calquera outra actividade educativa pertinente.

Recoméndase etiquetar cada equipo co nome do alumno/a e a referencia do número de serie, é dicir, o mesmo dato que se inclúe no documento de cesión.

Documento de cesión do equipo

DOCUMENTO DE CESIÓN DO EQUIPO E-DIXGAL ÁS FAMILIAS DO ALUMNADO

Consideracións sobre o documento de cesión

As familias que non desexen asinar o documento de cesión do equipo, igualmente seguirán tendo as mesmas responsabilidades sobre os posibles danos causados ao equipo que lles foi asignado.

Normativa legal de referencia:

Artigo 13. "Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa. "

Artigo 35. "Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar".

O alumnado cuxas familias non asinen este documento de cesión non poderán facer uso do equipamento que lles foi asignado fóra do centro educativo.

Xestión do documento de cesión

Unha vez obtidos os acordos de cesión asinados polos reponsables do alumnado, escaneranse e subiranse á aplicación de xestión.

Esta mesma aplicación usarase para a solicitude e xestión do equipamento para o profesorado que imparta docencia en niveis E-Dixgal en centros públicos.

Incumprimento dos termos do documento

A utilización non permitida do equipo ou o incumprimento dos termos expresados no documento poderán ser contemplados como conduta contraria á convivencia nas normas de organización, funcionamento e convivencia, se o centro educativo así o decide.

Características do portátil do alumnado

PRINCIPALIS CUESTIÓNIS RELACIONADAS CO EQUIPO E-DIXGAL

O ordenador portátil do alumnado

Todo o alumnado dos niveis E-Dixgal dispón dun ordenador portátil co mesmo sistema operativo, as mesmas características técnicas, as mesmas aplicacións e prestacións similares.

No centro educativo, a conexión á rede WIFI Abalar é automática, polo que non é necesario que o/a alumno/a faga ningún tipo de configuración.

No fogar, o/a alumno/a pode conectar o equipo a unha rede WIFI, igual que calquera outro dos seus propios dispositivos persoais.

O alumnado ten a posibilidade de deixar o seu equipo no centro, no armario de carga, ou levalo diariamente ao seu domicilio.

Responsabilidades sobre o equipo E-Dixgal

A responsabilidade do correcto coidado e do uso do equipo recae nos pais/nais/titores legais, respondendo da perda do ordenador, do seu mal uso ou dos danos producidos no equipo (que supoña dano de calquera elemento do ordenador non contemplado na garantía).

Isto non inclúe as avarías que poidan producirse na utilización diaria do equipo e que estean recollidas na propia garantía.



Equipo E-Dixgal do profesorado

ORDENADOR PORTÁTIL DO PROFESORADO QUE IMPARTE MATERIAS E-DIXGAL

O ordenador do profesorado E-Dixgal

O profesorado de centros públicos que imparte unha materia E-Dixgal pode solicitar un portátil que lle será cedido en modalidade de préstamo mentres continúe impartindo a súa materia en dixital.

A solicitude farase a través da aplicación de xestión, a principio de curso, durante os meses de setembro e outubro.

Este equipo está asociado a unha materia dixital, polo que o profesorado cederá o seu portátil á persoa que o substitúa no caso de baixas médicas, permisos, .. etc.

Ao final de curso se o profesorado continúa no centro nas mesmas condicións non precisa devolver o equipo, o resto de docentes deben entregalo á persoa coordinadora.

O portátil E-Dixgal é de uso persoal, non debe utilizarse como portátil de aula ou para outros usos.



Xestión por parte da persoa coordinadora E-Dixgal

Durante os meses de setembro e outubro deberase indicar na aplicación de inventario se o profesorado quere ou non o portátil.

Se cambian as condicións para que o profesorado poida dispoñer do equipo, débese solicitar a devolución. Na aplicación verase o profesorado ao que non lle corresponde un equipo e tamén o profesorado que aínda non o ten asignado.

Unha vez recibidos no centro os equipos, o proceso de asignación e préstamo é similar ao do alumnado.

Xestión de incidencias

SERVIZO PREMIUM DE ATENCIÓN, SOPORTE E ACOMPAÑAMENTO



Este servicio determinará se a incidencia está cuberta pola garantía do equipo ou se, polo contrario, débese a un dano provocado por parte do alumnado.

No caso de que a incidencia estea cuberta pola garantía ou o equipo teña contratado o seguro, o servizo de soporte Premium proporcionarlle ao/a alumno/a un equipo de substitución mentres o equipo orixinal estea en reparación no servizo técnico.

Noutras circunstancias, o centro educativo poderá decidir cederlle temporalmente ao/a alumno/a un dos equipos de reserva do centro.

SERVIZO PREMIUM

Calquera problema de funcionamento, desperfecto, perda ou roubo do equipamento Edixgal comunicarse o antes posible ao **Servizo Premium**:

Teléfono: 881 86 99 00

Correo electrónico: soporte.premium@edu.xunta.gal

WhatsApp: 604 06 78 56

Telegram: @Serviciopremiumedixgal

NECESIDADES ATENDIDAS POLO SERVIZO PREMIUM

- Comunicación e resolución de averías sobre o equipamento do proxecto.
- Comunicación e resolución de incidencias ou problemas técnicos sobre o entorno virtual de traballo e os contidos dixitais ofrecidos no dito entorno.

Tipos de incidencias

DETERMINACIÓN DOS TIPOS DE INCIDENCIAS QUE AFECTAN AO EQUIPO EDIXGAL

Danos estéticos e danos considerados como roturas ou desperfectos importantes do equipo





No caso de que o Servizo Premium determine que a incidencia non está cuberta pola garantía e o equipo non teña contratado un seguro, informará ao centro e ás familias sobre as vías de reparación ou substitución do equipo.

Os danos que o Servizo Premium determine como estéticos non serán considerados como roturas ou desperfectos importantes do equipamento, polo que as familias do alumnado non estarán obrigadas á súa reparación.

A persona coordinadora E-Dixgal deixará constancia deste tipo de danos estéticos nos documentos de cesión da aplicación de xestión de equipamento, ao principio e final de cada curso, de maneira que exista un rexistro documental do estado do equipo e queden perfectamente identificados cada un destes danos.

Aqueles aspectos relacionados coas incidencias que precisen asesoramento poderán ser consultados coa persoa asesora Abalar de zona (AMTEGA).

Algúns exemplos de danos que poderían considerarse de tipo estético



Recollida do equipamento ao final do curso

PROTOCOLO DE RECOLLIDA DO EQUIPAMENTO EDIXGAL

Procedementos habituais

Ao remate de cada curso, as personas coordinadoras E-Dixgal encargaranse de recoller o equipamento do alumnado e imprimir os documentos de devolución na aplicación de xestión.

Antes de que as familias do alumnado asinen estes documentos, é importante que se revisen os equipos coidadosamente para comprobar a súa integridade e o seu correcto funcionamento, comunicando inmediatamente ao Servizo Premium calquera incidencia detectada.


No momento da recollida do equipo, anotarase a man no apartado de observacións do documento de acordo de recollida os problemas que presenta (roturas, sen lapis, sen cargador ...) antes de que asine a familia. Recoméndase recoller o portátil en calquera caso e poñerse en contacto co servizo Premium para que abran unha incidencia e quede constancia do problema.

Seguirase o protocolo establecido no propio centro, se existe, para os casos nos que as familias non se fagan responsables dos desperfectos producidos polo alumnado aos equipos.

Cando o alumnado E-Dixgal vai continuar no centro o vindeiro curso, poderá manter o equipo na súa posesión durante o verán, se así o desexa, ou, se a dirección do centro lle ofrecera esa posibilidade, deixalo no centro educativo nas condicións específicas de custodia que a dirección do centro estableza.

O alumnado que non vai continuar no centro educativo deberá deixar o seu equipo no centro a finais do mes de xuño. Durante o verán, os técnicos do Servizo Premium desprazaranse ao centro para levar a cabo a clonación destes equipos de xeito que queden preparados para a súa cesión ao novo alumnado o vindeiro curso.

Tamen deberán recollerse os portátiles do profesorado que decida deixalo no centro ou que non teña docencia en EDIXGAL no seguinte curso.



XUNTA
DE GALICIA